

MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA EN FUNCIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,


CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o día trece de febreiro de dous mil trece, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

22/103 CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E UN VEHÍCULO RADIO PATRULLA PARA A POLICÍA LOCAL MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING). SELECCIÓN DE EMPRESAS SUBMINISTRADORAS DOS VEHÍCULOS E DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE ENTIDADE FINANCEIRA. MODIFICACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS E NOVA CONVOCATORIA MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO PARA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO A ENTIDADE FINANCEIRA.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 1 de febreiro de 2013 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

- I- Acordo da Xunta de Goberno Local nº 20/410, do 4 de xullo de 2012, polo que se aproba entre outros a contratación da subministración mediante lotes dun camión con cisterna de emulsión asfáltica e un vehículo radio patrulla para a policía local mediante alugamento financeiro (operación de leasing)
- II.- Anuncio de licitación publicado no BOP de Lugo nº 166, do 19 de xullo de 2012.
- III- Acordo da Xunta de Goberno Local nº 14/467, do 26 de xullo de 2012, polo que se aproba a desistencia do procedemento, a modificación e aprobación de novos pregos de prescricións técnicas e administrativas así como a contratación da subministración mediante lotes dun camión con cisterna de emulsión asfáltica e un vehículo radio patrulla para a policía local mediante alugamento financeiro (operación de leasing)
- IV.- Anuncio de licitación publicado no BOP de Lugo nº 176, do 1 de agosto de 2012.
- V.- Acta da Mesa de Contratación do 29 de agosto de 2012 e polo que se acorda declarar deserto as operacións de leasing por non terse presentada ningunha oferta de entidade financeira e abrir un procedemento negociado co fin de conseguir algunha oferta para as ditas operacións invitando polo menos a tres entidades financeiras así como excluír á entidade LUGO MOTOR e solicitar informe técnico sobre as ofertas técnicas presentadas polas entidades INTURASA, HARE EQUIPMENT e IBERICAR GESTOSO S.L.
- VI.- Acta da Mesa de Contratación do 17 de setembro de 2012 que é do seguinte teor literal:



Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.			
FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 1/23
 Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 13x080220103

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-2-2013

'Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte do Secretario da Mesa a dar lectura dos informes técnicos do Xefe do Parque Móbil municipal, co seguinte teor:

'Vistas las ofertas presentadas por las firmas comerciales HARE EQUIPMENT,S.L e INTURASA PEREZ RUMBAO,S.L., para el alquiler con opción de compra de un camión bituminador, procede informar lo siguiente:


- Ambas ofertas cumplen las condiciones técnicas mínimas exigidas, si bien existen diferencias importantes entre ambas tanto en lo que se refiere al camión como a la cisterna (ver cuadro mejoras).
- Mejoras ofertadas:

CONCEPTOS	HARE, S.L.	INTURASA, S.L.	OBESERVACIONES
Camión	Iveco AD190S31 DT 16v.-Euro 5 (mínimo exigido)	Iveco AD190S31/P DT 16 v. - EEV.	Mejor EEV, vehículo ecológicamente mejorado del nivel Euro-6, suspensión neumática trasera, bloqueo diferencial etc.
Cisterna			
Marca	Max*com-compactador (muy básica)	Maquiasfalt CBR /08 - REXN	
Cuba	8.000 l.	8.000 l.	Igual capacidad, similares características.
Toma temperatura ligante.	En 1 punto	En 3 puntos	Mejor Inturasa
Bomba para ligante.	40.000 l/h., sumergida	45.000 l/h., externa	Mejor Inturasa, por mayor caudal y ser externa (reparaciones)
Quemador	Llama directa	Cerrado	Mejor cerrado
Velocidad de trabajo del camión	Ultrasonido	Central digital	Mejor digital
Pantalla visual	Sí	No	Mejor Sí
Rampa de riego	48 pulverizadores	48 pulverizadores	Iguals

Por lo expuesto correspondería a Inturasa, S.L (20 puntos) y Hare, S.L. (5 puntos)

- En lo que respecta al servicio técnico corresponderían a Inturasa, S.L. (15 puntos) pues oferta servicio 24 h. los 365 días del año en Lugo ciudad para camión y cisterna y a Hare, S.L. (0 puntos), no oferta mejoras y en cuanto al servicio oficial, el del camión es Inturasa, S.L. y el de la cisterna está en Coruña, el que relaciona en Lugo es una tienda de recambios no taller.

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 2/23
			
Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

- En lo que respecta al plazo de entrega correspondería a Inturasa, S.L. (0 puntos) no especifica, salvo que figure junto con la oferta económica y a Hare, S.L. (15 puntos) 110 días.
- En lo que respecta a otras mejoras correspondería a Inturasa, S.L. (10 puntos), oferta curso de formación a operarios de la cister de 2 ó 3 días (muy importante) y Kit de manos libres teléfono (Bluetooth) y a Hare, S.L. (0 puntos), no oferta.

En resumen en el apartado técnico obtendrían la siguiente puntuación:
 INTURASA, S.L.....45 Puntos
 HARE, S.L.....15 Puntos

Es todo cuanto procede informar.'

'Vista la oferta presentada por la firma comercial IBERCAR GESTOSO, S.L. para el alquiler con opción de compra a esta Entidad de 1 monovolumen patrullero con destino a los servicios de Policía Local, y teniendo en cuenta que es la única oferta presentada, procede informar lo siguiente:

- 1.-Cumple todas las condiciones técnicas exigidas.
- 2.- Debe referenciar plazo de entrega.

Es todo cuanto procede informar.'

Procédese a continuación por parte do secretario a informar que a mercantil HARE EQUIPAMENT inclúe o prazo de entrega no sobre B, motivo polo cal se acorda por parte dos membros da mesa a súa exclusión, procedéndose a continuación á apertura da ofertas económicas, sobre C, dos licitadores admitidos á licitación co seguinte resultado:

INTURATASA PÉREZ RUMBAO, S.A.:

- * prezo lote 1 (camión cisterna): 148.300, sen IVE
- * prazo entrega: 120 días

* oferta recollida vehículo municipal. 6.000 €, IVE incluído

IBERCAR GESTOSO, S.L:

- * prezo lote 2 (vehículo radio patrulla): 24.398,14 €, sen IVE
- * prazo entrega: 60 días


En vista do cal os membros da mesa acordan:

1.- Excluir a mercantil HARE EQUIPAMENT, por ter incluído no sobre B o prazo de entrega do camión, documentación que debería incluírse obrigatoriamente no sobre C (criterios avaliados automaticamente). Cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares prevee '**A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B ou no sobre C no sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición**'

2.- Seleccionar a mercantil INTURASA PÉREZ RUMBAO, S.A., para a subministro do camión cisterna de emulsión asfáltica, nas condicións incluídas na súa oferta, ao ser a única oferta admitida á licitación para este lote e cumprir os requisitos esixidos nos pregos de condicións.

3.- Seleccionar a mercantil IBERCAR GESTOSO, S.L, para a subministración do vehículo radio patrulla, nas condicións incluídas na súa oferta, ao ser a única oferta

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 3/23
 Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 13x080220103

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-2-2013

admitida á licitación para este lote e cumprir os requisitos esixidos nos pregos de condicións.'

VII.- Notificación cursada da acta da Mesa de 17 de setembro a HARE EQUIPMENT que é recibida en data 5 de outubro de 2012

VIII.- Acordo núm. 14/558 da Xunta de Goberno Local do 26 de setembro de 2012 que na súa parte dispositiva establece, entre outros:

'**PRIMEIRO.-** Declarar deserto o procedemento de licitación convocado para a CONTRATACION DA SUBMINSITRACION MEDAITNE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E UN VEHÍCULO RADIO PATRULLA PARA A POLICIA LOCAL MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCIERO (OPERACION DE LEASING) polos motivos recollidos na acta da Mesa de Contratación de data 29 de agosto de 2012 que se dan por reproducidos a efectos da súa fundamentación con mantemento das ofertas de vehículos presentadas polas empresas comercializadoras seleccionadas pola Mesa de Contratación.

SEGUNDO.- Incoar en base ó establecido no artigo 170 c) do TRLCSP un procedemento negociado con suxeición ós mesmos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas e con invitación a un mínimo de tres empresas financeira capacitadas'

IX.- Escrito remitido por fax do 10 de outubro de 2012 da empresa HARE EQUIPMENT e presentado no Rexistro de Entrada do Concello o 15 de outubro de 2012 admitindo ser coñecedor da exclusión efectuada pola Mesa de Contratación e comunican o anuncio de recurso de reposición sobre a adxudicación provisional realizada ó ser excluídos da apertura do sobre C.

Manifestan que non existe certificado ningún de prazo de entrega e que no Índice do sobre B non figura prazo algún e que se mesturou o certificado de melloras co prazo de entrega.


X.- Informe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento de data 5 de novembro de 2012 que en relación co escrito presentado pola empresa HARE EQUIPMENT que nas consideracións xurídicas establece:

'**PRIMEIRA.** O artigo 150 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece " *A avaliación das ofertas conforme ós criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas realizarase tras efectuar previamente a de aqueles outros criterios en que non concorra esta circunstancia deixándose constancia documental disto.*'

O Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a LCSP establece no seu artigo 26 que '*A documentación relativa ós criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor debe presentarse en todo caso en sobre independente do resto da proposición co obxecto de evitar o coñecemento desta última antes de que se teña efectuado a valoración daqueles*'

A Lei opta claramente pola necesidade de separar en dous momentos diferentes a valoración das ofertas en atención a que os criterios para a súa avaliación sexan subxectivos ou non, e isto coa finalidade de garantir a máxima obxectividade na valoración dos criterios non avaliábeles automaticamente evitando que o coñecemento da oferta económica poida influenciar na decisión dos técnicos.

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 4/23
			
Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

O Concello de Lugo, en observancia da Lei e a súa normativa de desenvolvemento, aprobou os pregos reguladores deste contrato que establece na súa cláusula décima:

'O sobre B (só para as empresas que oferten a subministración)

Neste sobre incluírase a documentación que permita a comprobación do cumprimento dos requisitos mínimos do vehículo establecidos na memoria técnica así como a documentación comprensiva das prestacións técnicas e de equipamento que superen estes mínimos, a proposta de servizo técnico e de mantemento así como outras melloras – distintas das anteriores- que oferte o licitador, todo elo ós efectos da valoración da oferta conforme os criterios de valoración non avaliábeis automaticamente.

O sobre "B" non poderá conter información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores nin determinar a puntuación que estes acadarían con base nos criterios avaliábeis automaticamente.

O incumprimento de esta condición, dará lugar a exclusión automática do procedemento de adxudicación'

Por outra banda, dentro do sobre C debía incluírse a información necesaria para a valoración da oferta conforme os criterios avaliábeis automaticamente, entre eles o 'Menor prazo de entrega (a oferta de prazo de entrega realizarase en días naturais): ata 15 puntos'

Por este motivo indicábase que xunto co modelo de oferta económica debía achegar dentro do sobre C:


A oferta de redución de prazo de entrega, se o estiman oportuno, e o importe ofertado pola adquisición do vehículos vello municipal para o caso de concorrer ó LOTE 1.

O artigo 145 Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público establece que " *As proposicións dos interesados deberán axustarse ó previsto no prego de cláusulas administrativas particulares e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das ditas cláusulas ou condicións sen salvedade ou reserva algunha'*

Así mesmo o artigo 115 establece que *'Nos pregos de cláusulas administrativas particulares incluírase os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas das partes do contrato e as demais mencións requiridas por esta Lei e as súas normas de desenvolvemento'*

Partindo de que os pregos de cláusulas administrativas aprobados conteñen claramente as regras ás que deben suxeitarse os licitadores (forma en que debe presentarse as proposicións e documentos que se deben achegar), o incumprimento destas imposibilitan facer unha valoración separada das ofertas presentadas na forma indicada nos pregos afectando ó procedemento de selección dos licitadores e en particular ó principio de igualdade de trato e non discriminación. Basta recordar que outros licitadores neste procedemento SI cumpriron coas indicacións esixidas.

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 5/23
 Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 13x080220103

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-2-2013

É precisamente o cumprimento do artigo 139 do TRLCSP - que di: 'Os órganos de contratación darán ós licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustarán a súa actuación ó principio de transparencia'

Por outra banda o artigo 145.2 establece que "As proposicións serán secretas e arbitraranse os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública..'

O feito de incluír no sobre B documentación que debía estar no sobre C e que ten que permanecer pechado ata a emisión de informe técnico e apertura en acto público deste últimos sobres supón tamén o incumprimento desta regra.

Neste senso salienta o Informe 62/08 de 2 de decembro de 2008 da Junta Consultiva do Ministerio de Economía e Facenda que conclúe que o incumprimento das normas do prego cando este esixa a presentación das documentación técnica e económica en sobres separados, co obxecto de permitir a apertura sucesiva de ambas determinará a inadmisión dos licitadores que houberan incorrido neste.

No caso que nos ocupa , unha vez aberto os sobres e coñecido o seu contido non existe posibilidade algunha de subsanar. Así o interpreta a Comisión Consultiva de Contratación Administrativa da Junta de Andalucía (informe 20/2008, do 27 de novembro)

SEGUNDA.- Alega a empresa que " han mezclado la información presentada del certificado de mejoras por ustedes solicitado en el sobre B y en el cual se recoge en su punto nº 9 y como mejora el plazo de entrega"

Devécese do escrito que o licitador entende que dentro de 'Outras melloras que propoña o licitador' podería incluírse a oferta de redución do prazo de entrega pero obvia que este apartado está dentro de 'Criterios non avaliados automaticamente' polo que non pode entenderse este prazo de entrega como mellora cando hai un apartado específico dentro dos criterios avaliados automaticamente que corresponde co menor prazo de entrega.

Aquel apartado fai referencia a aquelas melloras 'que non se encadren nos apartados anteriores' e que estean relacionadas co obxecto do contrato de xeito que melloren no seu conxunto a oferta presentada.


Nembargantes esta argumentación entendemos non pode prosperar toda vez que a súa admisión suporía dar un tratamento discriminatorio e non igualitario respecto ás demais empresas licitadoras que si se axustaron ás indicacións sinaladas no prego, máxime ante a advertencia de que de non facelo se produciría o rexeitamento das proposicións.

É canto procede informar sen prexuízo doutro informe mellor fundamentado'

XI.- Acta da Mesa de Contratación do 22 de novembro de 2012 que entre outros textualmente establece:

'Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte do Sr. Secretario a informar aos presentes do escrito de alegacións presentado pola empresa licitadora HARE EQUIPMENT SOCIEDAD ALQUILER DE MUEBES E INMUEBLES ZARAGOZA S.L contra a acta da mesa de contratación do 17 de setembro de 2012 na que se recolle o acordo de exclusión do procedemento da citada empresa por ter incluído no sobre B o prazo de entrega do camiión, documentación que debería incluírse obrigatoriamente no sobre C (criterios avaliados automaticamente).

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 6/23
			
Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

Cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares prevee ‘**A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B ou no sobre C no sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición**’

Alega a citada empresa no escrito que agora se estuda que ‘según el Anexo Índice acompañado en el referido sobre B, y del cual mandamos copia, no existe ningún certificado de plazo de entrega. Sí que existe el mismo en el correspondiente sobre C que no fue abierto debido a la exclusión. Entendemos que, por su parte, han mezclado la información presentadas del “Certificado de Mejoras” por ustedes solicitado en el sobre B y en el cual se recoge en su punto nº9 y como mejora el plazo de entrega’

Tras un breve debate por parte dos membros da mesa de contratación acórdase por unanimidade, e tras consulta coa letrada asesora e mailo interventor xeral do Concello, rexeitar as alegacións formuladas pola empresa con base na literalidade do establecido na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares citado anteriormente, posto que é indubitado que no sobre B se inclúe a información sobre o prazo de entrega, criterio que debe ser avaliado coa documentación incluída no sobre C. Converter nunha mellora o que en realidade é un criterio de adjudicación establecido no prego de cláusulas (o prazo de entrega da subministración) suporía unha fraude e sentaría un precedente que podería supoñer que calquera outro criterio de adjudicación -o prezo, por exemplo- se reconverter polos licitadores nunha mellora, cando están expresamente establecidos no prego os criterios de adjudicación, o xeito de presentar a proposicións e a documentación relativa aos diferentes criterios que debe ir incluída en cada sobre.”

XII.- Informe de Rexistro Xeral do Concello de 23 de novembro sobre empresas licitadoras que se presentaron ó procedemento: BANCO GALLEGO e LA CAIXA

XIII.- Acta da Mesa de Contratación do día 29 de novembro de 2012 en virtude da cal acórdase:

“1.- Excluir á entidade financeira LA CAIXA por presentar una oferta da operación de leasing para a CONTRATACIÓN CONVOCADA PARA AS SUBMINISTRACIONES MEDIANTE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA (LOTE 1) cun diferencial máximo maior do establecido no prego de cláusulas administrativas particulares

2.-Declarar deserta a operación de leasing para a SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA (Lote 1) ao ofertar a única entidade financeira presentada á licitación un diferencial máximo maior do establecido no prego de cláusulas administrativas particulares

3.- Declarar deserto a operación de leasing para a SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DUN VEHÍCULO RADIO PATRULLA PARA A POLICÍA LOCAL (Lote 2) por non terse presentada ningunha plica para a referida operación

3.- Solicitar informe técnico da Intervención municipal sobre o tipo de xuro aplicable a ter en conta para elaborar un novo prego de condicións co fin de sacar unha nova licitación para as operacións de leasing da subministración dos vehículos xa

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 7/23



ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 13x080220103

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-2-2013

seleccionados (CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA (Lote 1) e VEHÍCULO RADIO PATRULLA PARA A POLICÍA LOCAL (Lote 2).”

XIV.- Cadro estimativo de cálculo das cotas conforme o un tipo euribor mais un diferencial de 5,54% elaborado polo Departamento de Planificación e Control.

XIV.- Informe de Intervención ref. 15/2013, do 1 de febreiro de 2013, de certificación de existencia de crédito na partida 92005.35800 do vixente Orzamento municipal de 2013 por importe de 9.388,07 euros e na partida 92005.64800 por importe de 47.647,51 euros.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector Público
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de contratos do sector público
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS


PRIMEIRO.- Os contratos de arrendamento financeiro son unha complexa figura mediante a cal a arrendadora financeira adquire un determinado ben a unha entidade comercializadora ou fabricante seleccionado polo Concello e a ceder a este o uso temporal a cambio do pagamento periódico dunha cantidade que cobre o valor da adquisición e a carga financeira e ó final do período pactado (máximo 48 mensualidades) a entregar o ben previo exercicio da opción de compra polo seu valor residual.

Neste procedemento téñense seleccionado pola Mesa de Contratación as empresas subministradoras dos vehículos, por un lado INTURASA S.L. para o lote 1 (Camión con cisterna de emulsión asfáltica) e por outro IBERCAR GESTOSO S.L., para o lote 2 (vehículo radio patrulla para a policía local) as cales deberán vender os vehículos á entidade financeira adxudicataria deste contrato. Non obstante non presentou oferta de entidade financeira ningunha no procedemento aberto inicialmente seguido mentres que no procedemento negociado tramitado con posterioridade a única oferta presentada foi excluída por non axustarse ó prego xa que superaba o diferencial máximo fixado, polo que parece que este diferencial fixado non é axustado ás ofertas do mercado.

Se presenta polo Departamento de Planificación un novo cadro de amortización con un tipo de xuro do 5,54 % polo que procede corrixir o prego de cláusulas administrativas actual para adecuarse a este novo diferencial e calcular o valor estimado do contrato.

8

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 8/23
			
Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

Considerando razóns de economía procedemental e dado que para a adxudicación deste contrato seguise un procedemento aberto que permitiu a máxima concorrencia e transparencia, parece oportuno manter a selección das empresas subministradoras dos vehículos e abrir un novo procedemento para a selección e adxudicación da entidade financeira que se obrigue a adquirir os vehículos ofertados polas empresas comercializadoras seleccionadas.

SEGUNDO.- En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”


A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes membros: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS) e a Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso presentado pola empresa HARE EQUIPMENT contra o acordo da Mesa de Contratación do 17 de setembro de 2012 polos motivos indicados no informe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do 5 de novembro e que se reproduce na parte expositiva deste acordo.

SEGUNDO.- Seleccionar o vehículo ofertado para o LOTE 1 (Camión con cisterna de emulsión asfáltica) pola mercantil INTURASA PÉREZ RUMBAO, S.A (IVECO modelo AD190S31/P DT 16 v. EEV), por un importe de 148.300 euros, IVE excluído, cun prazo de entrega de 120 días naturais dende a data da formalización do contrato, así como a recollida do vehículo actual municipal coa matrícula LU-0322-H ofertando un prezo polo mesmo de 6.000 euros e demais condicións ofertadas e conforme as condicións establecidas no prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexeron a licitación.

TERCEIRO.- Seleccionar o vehículo ofertado para o LOTE 2 (vehículo radio patrulla para a Policía Local) pola mercantil IBERCAR GESTOSO S.L. (monovolume 5 prazas marca Renault Scenic), por un importe de 24.398,14 euros, IVE excluído, cun prazo de entrega de 60 días naturais dende a data da formalización do contrato e demais condicións ofertadas e conforme as condicións

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 9/23
 Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

establecidas no prego de cláusulas administrativas e técnicas que rexeron a licitación.

CUARTO.- Declarar deserto o procedemento de licitación convocado para a selección da entidade financeira do CONTRATO DA SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E UN VEHÍCULO RADIO PATRULLA PARA A POLICÍA LOCAL MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING) polos motivos indicados na parte expositiva que se dan por reproducidos para os efectos da súa fundamentación con mantemento das ofertas de vehículos presentadas polas empresas comercializadoras seleccionadas pola Mesa de Contratación.

QUINTO.- Modificar os pregos de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Xunta de Goberno Local nº 14/467, do 26 de xullo de 2012, e que quedarán redactados como se indica a continuación con mantemento das condicións establecidas nas memorias técnicas reguladoras das características mínimas que deben cumprir os vehículos.

“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACION CONVOCADA PARA AS SUBMINISTRACIONES MEDIANTE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E UN VEHICULO RADIO PATRULLA PARA A POLICIA LOCAL MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCIERO (OPERACIÓN DE LEASING)

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste contrato é selección de entidade financeira que como arrendatario financeiro adquiera os vehículos ofertados polas empresas subministradoras seleccionadas polo Concello, por unha banda un camión con cisterna de emulsión asfáltica para o parque móbil municipal e por outra un vehículo radio patrulla para a Policía Local coas características sinaladas a continuación e ceda ó Concello o uso temporal a cambio do pagamento periódico da cota que resulte da oferta presentada e ó remate do prazo entregar os ditos vehículos previo exercizo da opción de compra polo valor residual.

CNAE 2009: 64.91 Arrendamento financeiro


CPV: 66114000-2 83) Servizos de arrendamento financeiro.

Este contrato consta de DOUS LOTES, podendo presentarse ofertas a cada un deles ou á totalidade do contrato:

Lote 1: Alugamento (mediante leasing) dun CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA

Vehículo ofertado pola mercantil INTURASA PEREZ RUMBAO S.A (IVECO modelo AD190S31/P DT 16 v. EEV), por un importe de 148.300 euros IVE excluído cun prazo de entrega de 120 días naturais dende a data da formalización do contrato, así como a recollida do vehículo actual municipal coa matrícula LU-0322-H ofertando un prezo polo mesmo de 6.000 e demais condicións ofertadas e conforme

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 10/23
			
Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

as condicións establecidas no prego de clausulas administrativas e técnicas que rexeron a licitación.

Lote 2: Alugamento(mediante leasing) dun VEHÍCULO RADIO PATRULLA PARA A POLICIA LOCAL

Vehículo ofertado pola mercantil IBERCAR GESTOSO S.L.(monovolumen 5 prazas marca Renault Scenic), por un importe de 24.398,14 euros IVE excluído cun prazo de entrega de 60 días naturais dende a data da formalización do contrato e demais condicións ofertadas e conforme as condicións establecidas no prego de clausulas administrativas e técnicas que rexeron a licitación.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Trátase dun contrato de subministracións, recollido e regulado nos artigos 9 e 290 e seguintes do TRLCSP e que ten por obxecto a adquisición mediante alugamento financeiro (operación de leasing) e por lotes dun camión con cisterna de emulsión asfáltica para o parque móbil municipal e por outra un vehículo radio patrulla para a Policía Local coas características sinaladas na memoria técnica redactada polo Xefe do Parque Móbil Municipal e as características ofertadas polas empresas subministradoras dos ditos vehículos.


Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público
- Real Decreto 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos. Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PREZO DO CONTRATO

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 11/23
 Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 13x080220103

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-2-2013

3.1.- O valor estimado do contrato para a totalidade DOUS lotes (que inclúe para cada lote 47 cotas e unha última de valor residual) é de 188.547,36 euros (importe sen IVE), incluído os gastos financeiros.

O orzamento total de cada lote é o seguinte:

LOTE 1: CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA: 161.910,24 euros (incluíndo neste importe a recuperación do custo e a carga financeira) e que sumado o IVE 21 % (34.000,80 euros) ascende a 195.911,04 euros

LOTE 2: VEHÍCULO RADIO PATRULLA: 26.637,12 euros (incluíndo neste importe a recuperación do custo e a carga financeira) e que sumado o IVE 18% (5.593,44 euros) ascende a 32.230,56 euros

O importe dos vehículos a subministrar ascende a:

LOTE 1: CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA: 148.300 euros máis o IVE (21%) -31.143 euros – polo que o prezo total ascende a 179.443 euros (IVE incluído).

LOTE 2: VEHÍCULO RADIO PATRULLA PARA A POLICIA LOCAL: 24.398,14 euros máis o IVE (21%) – 5.123,61 euros – polo que o prezo total ascende a 29.521,75 euros (IVE incluído).

Non obstante, o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas propostas.

3.2.- O sistema de pago establécese mediante unha operación de leasing coas seguintes condicións iniciais básicas:

- **Tipo de interese:** Euribor anual máis un diferencial máximo del 5,54 % sen redondeo.

- Revisión: anual.

- Taxa anual equivalente: calcularase e amosarase a TAE da operación ó día da publicación do anuncio de licitación no B.O.P.

- Prazo de amortización: 4 anos.

- Liquidación: Mensuais (47 cotas e unha última cota corresponde ó valor residual polo exercicio da opción de compra).

- Comisións: Exenta, incluídas as de cancelación anticipada.

- Impostos indirectos: as cotas resultantes ofertaranse netas de impostos sen perxuízo de que ás mesmas deban engadirse os impostos indirectos que corresponda aplicar, que figurarán na oferta de forma separada.


- Cota de pago: especificarase a cota de pago mensual que corresponderá aboar ó Concello.

- Valor residual: a oferta amosará con claridade o valor residual dos equipos e sistemas a adquirir ó remate do prazo de duración da operación, impostos incluídos.

Estas condicións poderán ser melloradas polos licitadores, os cales poderán concretar na súa oferta outras condicións, sempre que non contradigan o sinalado neste prego.

3.3.- Faise constar a existencia de crédito presupostario na partida 92005.35800 do vixente Orzamento municipal de 2013 por importe de 9.388,07 euros e na partida 92005.64800 por importe de 47.647,51 euros , comprometéndose a incluír as anualidades correspondentes nos Orzamentos 2014 a 2017.

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 12/23
			
Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

En virtude do artigo 174 do TRLHL, a autorización ou realización dos gastos relativos á anualidade 2014 e seguintes subordínase ó crédito que para cada exercizo autorice o respectivo Orzamento

3.4.- De conformidade co artigo 89 do TRLCSP non procederá a revisión de prezos.

CUARTA.- DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZOS DE ENTREGA.

A duración do contrato será de CATRO ANOS improrrogables (correspondendo o mes num. 48 ó pagamento do valor residual no caso de exercitarse a opción de compra) contados a partir do día seguinte ó da acta de recepción dos vehículos que deberán subministrarse nos prazos máximos ofertados polo/s adxudicatario/s.

Os prazos de entrega dos vehículos ofertados serán:

LOTE 1: CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA:

120 DÍAS NATURAIS como máximo contados dende a data de formalización do contrato administrativo

LOTE 2: VEHÍCULO RADIO PATRULLA PARA A POLICIA LOCAL:

60 DÍAS NATURAIS como máximo contados dende a data de formalización do contrato administrativo

QUINTA.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

5.1.- O presente contrato adxudicarase polo **procedemento aberto** previsto e regulado polos artigos 157 e seguintes do TRLCSP.

5.2.- Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP.

Poderán concorrer a esta licitación en concreto:


Entidades financeiras en xeral, como Bancos ou Caixas de Aforro ou entidades especializadas en arrendamento financeiro co compromiso de adquirir para o Concello o vehículo seleccionado de acordo coas condicións establecidas neste prego e no de condicións técnicas e as condicións ofertadas.

SEXTA.- CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

As entidades financeiras que concorran a esta licitación deberán presentar unha declaración global relativa ás operacións de leasing realizadas nos últimos tres anos.

SÉTIMA.- GARANTÍAS

Dada a natureza do contrato e as características dos posibles licitadores non se establecen garantías provisional nin definitiva para a contratación que regula este prego, de acordo co previsto nos artigos 95 e 103 do TRLCSP. Todo isto sen perxizo das garantías e asistencia técnica ofertadas polas empresas subministradoras segundo o previsto nos pregos de condicións técnicas e as súas ofertas.

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.			
FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 13/23
 Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

OITAVA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es/perfildocontratante)

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

NOVENA.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición en DOUS sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e B de OFERTA ECONÓMICA E RELATIVA A CRITERIOS DE ADXUDICACION AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustifica-la data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

O **sobre denominado A, documentación administrativa**, conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:


a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 14/23
			
Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá presentar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

Neste caso e para acreditar axeitadamente a representación perante o órgano de contratación o dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado pola Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios/as do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentárase orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (10,20 euros).

3.- **Declaración responsable** do licitador (modelo do **ANEXO II**) outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.


O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- Presentación da **alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.**

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 15/23
 Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO I deste prego de cláusulas administrativas.

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO I) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia** da forma indicada na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 16/23



sustancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de cotrnatos suxeitos a regulación harmonizada en relacion coas emrpesas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (artigo 44 da LCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B no sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición O sobre B, OFERTA ECONÓMICA E RELATIVA A CRITERIOS DE ADXUDICACION AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don....., maior de idade, con DNI núm en representación decon enderezo a efectos de notificación en tendo coñecemento do procedemento convocado polo Excmo. Concello de Lugo para a **CONTRATACION CONVOCADA PARA AS SUBMINISTRACIÓNS MEDIANTE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E UN VEHICULO RADIO PATRULLA PARA A POLICIA LOCAL MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCIERO (OPERACIÓN DE LEASING)** - "fai constar:

1º.- Que cumpre todas e cada unha das condicións esixidas nos pregos de cláusulas económico-administrativas para a adxudicación do contrato.

2º.- Que acepta plenamente tódalas cláusulas dos pregos de cláusulas económico-administrativas que rexen este contrato e tódalas demais obrigas que se deriven do mesmo no caso de resultar adxudicatario.

3º.- Que se compromete a tomar ó seu cargo a contrata nas seguintes condicións: As condicións da operación de leasing ofertada para a subministración do vehículo/s..... (indicar o lote ou lotes ó que concorre) son as que se relacionan a continuación:


Tipo de interés: euribor a un ano + puntos

Valor residual: ...euros aos que se engadirá....euros en concepto de IVE.

* *A esta oferta acompañarase como anexo o cadro de financiación que incluírá cota mensual neta, impostos, carga finaniera, recuperacion de custo e capital pendente.* No suposto de resultar adxudicatario comprométome expresamente a adquirir para o Concello de Lugo o/os vehículo/s seleccionado de acordo coas condicións establecidas neste prego.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS



Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.			
FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 17/23
 Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCPS a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: O Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Lugo

VOCAIS:

- A Concelleira de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa
- A titular da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura dos sobres B celebrárase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

O criterios de adxudicación para cada un dos lotes deste contrato será exclusivamente as condicións económicas para a operación de leasing, será obxecto de valoración o **tipo de interese** presentado polos licitadores.

A oferta que presente un tipo de interese máis vantaxoso obterá a máxima puntuación, a oferta que presente o interese tipo (Euribor anual máis un diferencial máximo del 5,54% sen redondeo) obterá 0 puntos e as restantes valoraranse de xeito proporcional.


DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente mais vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que , dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

De non cumplimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 18/23
			
Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante Na notificación así como no perfil do contratante indicárase o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houberese esixido.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

DECIMO QUINTA.- RECEPCIÓN E PAGAMENTO

- O contratista esta obrigado a entregar e poñer a disposición do Excmo. Concello de Lugo o vehículo obxecto deste contrato no prazo indicado na cláusula cuarta deste prego nas dependencias municipais do Parque Móbil. Os gastos de entrega e transporte ata os lugares indicados serán por conta do contratista.

- O vehículo será recibido polo Xefe do Parque Móbil Municipal; se este non se atopa en estado de ser recibido farase constar así na acta de recepción dando as instrucións precisas ó contratista para que amañe os defectos observados ou proceda a unha nova subministración axustada ó contratado.

- O Concello aboará o prezo total do arrendamento mediante CORENTA E SETE COTAS mensuais do importe resultante da oferta que resulte adxudicatario do contrato. Estas cotas serán xiradas polo arrendador á conta da que é titular o Concello dentro dos dez primeiros días de cada mes. A primeira cota xirarase dentro dos primeiros dez días do mes seguinte ó da recepción dos vehículos. Finalmente xirarase a derradeira cota co núm 48 que corresponderá ó valor residual do vehículo para o caso no que o Concello opte por facer efectiva a opción de compra. A decisión de exercer a opción de compra corresponderalle ó órgano de contratación, previo informe técnico do Xefe do Parque Móbil municipal.

DECIMO SEXTA.- DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES

1.- O/s adxudicatario/s virán obrigado/s a asumir os gastos e impostos derivados da formalización dos contratos (300 euros aprox.) e as taxas que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.



Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 19/23



2.- O/s adxudicatario/s virá/n obrigado/s ó pagamento de todo xénero de tributos estatais, locais e autonómicos, e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das AA.PP. ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que ocasionen.

3.- A sociedade arrendadora, propietaria do/s vehículo/s, cede o seu uso ó arrendatario polo período de 47 meses con carácter irrevogable . Ó remate deste prazo, o arrendatario ven obrigado a súa restitución salvo que exercite a opción de compra que se lle recoñece no seguinte apartado.

4.- A sociedade arrendadora constitúe a favor do arrendatario opción de compra dos vehículos que poderá exercitarse ó remate do período de cesión de uso pagando como prezo da compravenda a cantidade fixada como valor residual na oferta adxudicataria. Para exercitarse a opción de compra, o arrendatario deberá estar ó corrente no pagos das obrigas asumidas no presente contrato .

5.- A sociedade arrendadora, na súa condición de compradora do material subroga expresamente ó arrendatario en cantos dereitos e accións lle correspondan fronte ó subministrador do vehículo obxecto do presente contrato.

6. Dadas a natureza e condicións do contrato, o mesmo deberá ser executado directamente polo adxudicatario, non sendo posible a subcontratación.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.

- O adxudicatario estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria así como as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

O incumprimento destas obrigas por parte do adxudicatario ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

VIXÉSIMA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 223 e 299 do TRLCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das condicións técnicas establecidas na memoria técnica ou das condicións ofertadas así como polo incumprimento do prazo de entrega.


Asimesmo poderáse resolver o contrato polo incumprimento do prazo de entrega establecido ou ofertado así como pola falta de pagamento do importe ofertado pola adquisición dos vehículos vellos municipais no prazo establecido.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224,225 e 300 do TRLCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a **incautación da garantía definitiva** sen perxuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e perxuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva.

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 20/23
			
Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACION CONVOCADA PARA AS SUBMINISTRACIÓNS MEDIANTE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E UN VEHICULO RADIO PATRULLA PARA A POLICIA LOCAL MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCIERO (OPERACIÓN DE LEASING) declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro


2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2012

Asdo:

**ANEXO II
 MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE**



Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.			
FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 21/23
 Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRACION CONVOCADA PARA AS SUBMINISTRACIONES MEDIANTE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E UN VEHICULO RADIO PATRULLA PARA A POLICIA LOCAL MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCIERO (OPERACIÓN DE LEASING) declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asintante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.


En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsedade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....
 (Lugar, data e sinatura do licitador)"

SIXTO.- Aprobar o gasto de 9.388,07 euros con cargo á aplicación 92005.35800 e un gasto de 47.647,51 euros con cargo á aplicación 92005.64800, comprometéndose a incluír as anualidades correspondentes nos orzamentos 2014 a 2017.

SÉTIMO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 157 e seguintes do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.			
FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	25/02/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 22/23
 Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			

novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.


OITAVO.- Publicar un novo anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo

NOVENO.- Notificarlles este acordo ós licitadores e dependencias afectadas con indicación que contra os acordos que poñan fin á vía administrativa (o apartado dispositivo primeiro, segundo, terceiro e cuarto) e o resto de actos de trámite cualificados caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto.
- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación deste acto.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. Dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local en funcións.

Código Seguro de verificación:Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo	FECHA	25/02/2013
	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		
ID. FIRMA	afirma.pro	Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==	PÁGINA 23/23
 Aw/Frpcwp006nKSRKCVzVg==			